

## **Bases para a contratación de educador infantil en réxime de interinidade laboral de duración determinada.**

### PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1 Selección de 2 educadores/as infantís en réxime de interinidade laboral temporal para substitución por baixa por enfermidade e maternidade das traballadoras titulares do posto.

2 O listado de titulares e suplentes que resulten da selección manterase vixente durante o ano 2015 no suposto de que se produzan outras baixas por motivos de enfermidades, risco no embarazo, maternidade, lactancia, renuncia.

### SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de técnico superior en educación infantil, mestre especialista en educación infantil, licenciatura en pedagogía ou psicopedagogía (no caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posición da credencial que acredita a súa homologación).
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

### TERCEIRA.- CONVOCATORIA.

- Por resolución de alcaldía o Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com), fixando como data de publicación o día 29 de febreiro de 2015 Debendo presentar as instancias e documentación xustificativa dos méritos alegados dende o día 30 de xaneiro de 2015 ata o día 4 de febreiro de 2015

- Os candidatos disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte o da publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no rexistro xeral sito na Casa do Concello de Boqueixón, en horario de 9 a 14 horas, e os sábados de 10.00 a 13.00 horas.

**Presentarase no prazo indicado, e obrigatoriamente a instancia de solicitude, acompañada de toda a documentación acreditativa dos méritos que deberá ser orixinal ou copia compulsada.**

Para dúbidas os/as aspirantes poderán chamar ó 981513061

#### CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión Seleccionadora estará integrada:

\* Presidente/a: Rocío Vázquez Vecino, Educadora da Escola Infantil Municipal do Concello de Boqueixón "Rafña Lupa"; Suplente: Montserrat González Bueno.

\* Secretaria/o: Elena Suárez Rodríguez, Secretaria – Interventora de Boqueixón; Suplente: Juan Manuel Corral Sánchez.

\* Vogal 1: Ana Anta Fernández, traballadora social do Concello de Boqueixón; Suplente: Adela Lamego Arteaga.

\* Vogal 2: Rosario Iglesias Iglesias, psicóloga do Concello de Boqueixón; Suplente: Pilar Pazos Santasmarinas.

\* Vogal 3: María Victoria Negrín Blanco, técnico de formación ocupacional; Suplentes Lourdes García Abeijón.

Non poderá constituirse nen actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do presidente e da secretaria/o.

#### QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

O proceso consta de 2 fases:

1ª fase: Valoración dos méritos acreditados entre os/as candidatos/as

2ª fase: Proba escrita tipo test

1ª FASE:

- **VALORACIÓN DOS MÉRITOS APORTADOS POLOS CANDIDATOS/A.**  
**Máximo de 10 puntos.**

A Comisión seleccionadora valorará a documentación presentada polos/as aspirantes de acordo cos requisitos establecidos. O baremo é o seguinte:

**Formación (Computarase ata un máximo de 4 puntos):**

- 1) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar os 2 puntos (non se valoran cursos de informática):
  - Curso de máis de 100 horas: 1 punto
  - Cursos de 50 horas a 99 horas: 0,50 puntos
  - Curso de 8 horas a 49 horas: 0,25 puntos
- 2) Cursos de galego ou validación: só se computará o de nivel máis alto
  - Celga 4: 1 punto
  - Celga 3: 0,75 puntos
  - Celga 2: 0,50 puntos
  - Celga 1: 0,25 puntos
- 3) Acreditación de ter superado coñecementos de primeiros auxilios: 0,50 puntos
- 4) Acreditación de ter superado coñecementos de manipulación de alimentos: 0,50 puntos.

**Experiencia laboral (computarase ata un máximo de 6 puntos):**

- Traballos prestados en escolas infantís públicas (0-3 anos) como educadora infantil. Por cada mes traballado 0,15 puntos.
- Traballos prestados en escolas infantís privadas (0-3 anos) como educadora infantil. Por cada mes traballado 0,10 puntos.
- Outros traballos relacionados co posto tanto no sector público como no sector privado relacionado co posto ofertado. Por cada mes traballado: 0,05 puntos.

## 2ª FASE:

- **PROBA ESCRITA (computarase ata un máximo de 20 puntos):** consistirá en contestar un cuestionario tipo test. As preguntas estarán relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e é eliminatorio.**

Esta proba está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. Soamente haberá unha resposta correcta por pregunta. Os erros non puntúan negativo. Ten unha puntuación máxima de 20 puntos, sendo 10 puntos a puntuación mínima esixida para pasar esta fase.

## SEXTA. - DATAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

### **VALORACIÓN DOS MÉRITOS ACREDITADOS POLOS/AS CANDIDATOS/AS:**

Data: 9 de febreiro de 2015 // Hora: 9:00 h.

#### **PROBA ESCRITA:**

Data: 9 de febreiro de 2015 // Hora: 11:00 h.

SETIMA.- ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.- Os méritos comprendidos no apartado de formación da base anterior acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos correspondentes.

Os méritos do apartado de experiencia laboral da base Quinta, acreditaranse con contrato de traballo ou certificado de empresa acreditando o período traballado e informe de vida laboral expedido pola Tesorería Xeral do Seguridade Social. Asemesmo, terá que presentarse copias compulsadas de toda a documentación acreditativa.

Non se poderá valorar a vida profesional daqueles candidatos/as se non están debidamente acreditados deste xeito.

OITAVA.- Rematada a selección o Tribunal publicará ás puntuacións no taboleiro o nome dos/as participantes titulares dos postos seleccionados/as coa súa puntuación, e nomes dos/as candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se mantexa as circunstancias que deron lugar a esta convocatoria.

NOVENA.- Ademais se durante o longo do ano 2015 se desen outras baixas por maternidade, risco no embarazo, permiso por lactancia, renuncias, enfermidades doutras traballadoras da citada escola procederase a contratar o persoal da lista sempre atendendo á orde establecida pola puntuación máis alta obtida.

#### DÉCIMA. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria. A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS. A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

#### **ANEXO I**

Regulamento do funcionamento do centro de atención primeira infancia do Concello de Boqueixón.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do centro de atención á primeira infancia do Concello de Boqueixón.

Características xerais do neno ata os seis anos. Principais factores que interveñen no seu desenvolvemento, etapas e momentos máis significativos. O desenvolvemento infantil no primeiro ano de vida. O papel dos adultos.

A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 21 de xullo de 2014, da dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería.

Dado en Boqueixón o día 29 de xaneiro de dous mil quince, polo Sr. alcalde, Don Jesús Sanjuás Mera.

O alcalde  
Don Jesús Sanjuás Mera

